



PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	XEOGRAFÍA E HISTORIA		CURSO	3º ESO
CURSO ACADÉMICO	2016/2017	PROFESOR	M ^a MERCEDES MARÍN	

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. 1ª Avaliación

Bloque 1. O medio físico	
Contidos	Estándares de Aprendizaxe
B1.1. Localización. Latitude e lonxitude	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. ▪ XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. ▪ XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos
Bloque 2. O espazo humano	
▪ B2.1. Organización política e territorial de España.	▪ XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
▪ B2.2. Sectores de actividade económica.	▪ XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
▪ B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.	▪ XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.
▪ B2.4. Sistemas económicos do mundo.	▪ XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.
▪ B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable.	▪ XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.
▪ B2.6. Recursos naturais e actividades agrarias.	▪ XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.
	▪ XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.
	▪ XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.

	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.
<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Pesca: tipos e problemática. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.
<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Sector industrial. Rexións industrializadas do mundo. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. 2ª Avaliación

<ul style="list-style-type: none"> Bloque 2. O espazo humano 	
Contidos	Estándares de Aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Actividades terciarias: transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.
<ul style="list-style-type: none"> B2.10. Actividades terciarias: comercio. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.
	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.
	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.
<ul style="list-style-type: none"> B2.11. Turismo. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos
	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.
<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Causas do desenvolvemento desigual no mundo. Débeda externa. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.
	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.
	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.
<ul style="list-style-type: none"> B2.13. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.
	<ul style="list-style-type: none"> XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relacións con factores económicos.
Bloque 3. A historia	



Contidos	Estándares de Aprendizaxe
▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia	▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son heranza do pasado
▪ B3.2. Fontes históricas.	▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.
▪ B3.3. Cambio e continuidade.	▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
▪ B3.4. Tempo histórico.	▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
▪ B3.6. Idade Moderna: concepto e datación.	▪ XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. 3ª Avaliación

▪ Bloque 3. A historia	
Contidos	Estándares de Aprendizaxe
▪ B3.7. Renacemento e Humanismo: alcance posterior.	▪ XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
▪ B3.8. Arte renacentista e barroca.	▪ XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.
▪ B3.9. Principais manifestacións da cultura dos séculos XVI e XVII.	▪ XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.
▪ B3.10. Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.	▪ XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
▪ B3.11. Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia.	▪ XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
▪ B3.12. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de	▪ XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.

América.	▪ XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.
	▪ XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.
▪ B3.13. Os conflitos europeos nos séculos XVI e XVII a través das políticas dos Austrias: reforma, contrarreforma e guerras de relixión; loita pola hexemonía e guerra dos Trinta Anos.	▪ XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Con que temporalización se farán probas escritas?

Realizaranse dúas probas escritas en cada avaliación para medir os contidos conceptuais e procedementais. As probas terán dúas partes: unha teórica, de resposta a algunhas cuestións, e outra práctica, relacionada con exercicios realizados na aula. Serán tamén materia avaliable os traballos realizados polos alumnos (individualmente ou en grupo), así como os relacionados coas actividades extraescolares. Ademais tamén se terán en conta as actitudes, asistencia, puntualidade e traballo na clase.

Como se cualificarán as probas, traballos individuais ou colectivos, traballos na libreta, observación. Ponderación, redondeo,...

Cada proba constará de varias partes : unha teórica que consistirá na resposta a cuestións , e outra práctica relacionada cos exercicios realizados na aula (mapas, esquemas , gráficos...) . Estas probas serán o principal instrumento de avaliación, pero tamén os traballos realizados polos alumnos (individuais ou en grupo), así como tódalas actividades de aula, a actitude ante a materia, e a participación. Proponse a seguinte cuantificación dos diferentes instrumentos de avaliación :

- 80% - 8 puntuación máxima para valorar as probas escritas
- O **traballo de aula** constituirá un 10% da nota final e o **comportamento na aula (participación, esforzo, atención, respecto e convivencia...)**, constituirá un 10% da nota final. Sempre se terán en conta a **presentación** e a **expresión oral e escrita**, puntualidade na entrega de exercicios e traballos, así como o **comportamento, dentro ou fora da aula, respecto ós compañeiros/as, persoal docente e non docente, así como a tódalas instalacións do centro educativo**
- Para superar a materia, a **nota mínima na proba escrita** será de **3 puntos**

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,...

Farase o baremo aritmético das probas escritas, que terá un valor do 80%. A isto se lle suma un 10% para o traballo e actitude na aula e outro 10% para o traballo individual ou en grupo.

O alumnado que teña superado as tres avaliacións faráselle a media aritmética das tres avaliacións, redondeado o resultado ao número enteiro máis próximo.

Redondearase á alza cando a nota resultante, una vez acadado o 5, supere o medio punto (5,5 pasará a a 6...etc) No redondeo das notas terase en conta especialmente o traballo e a actitude do alumno.

Que aspectos se van valorar dentro da observación do traballo de aula?

A actitude positiva, a atención, a participación e, en definitiva, o traballo sistemático.

Como se recupera unha proba non superada?

Se recupera de maneira global e co correspondente Exame de Recuperación que abarcará toda a materia dada nesa Avaliación. Previamente entregarase aos alumnos que teñen que recuperar, unha serie de exercicios de reforzo que realizarán coa axuda da profesora e sobre os que despois se plantexará o exame e que, ademais , coincidirán con cuestións xa pedidas nos anteriores exames da Avaliación.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Coa correspondente proba de recuperación trimestral.

PROMOCIÓN

A superación da materia requirirá unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.